

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 26 DE XUÑO DE 2008.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **DOCE HORAS E TRINTA MINUTOS** do día **VINTESEIS DE XUÑO DE DOUS MIL OITO**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D^a. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia do señor tenente de Alcalde **DON MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e o concelleiro **D^o GERARDO LAZARA MOREDA** e da Secretaria da Corporación **DONA BERTA ALONSO SOTO**.

Non asiste: **D^a MARIA DOLORES GARCIA TROITIÑO**

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

1º.- ACTAS ANTERIORES.-

2º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

3º.- CONTRATACIÓN.-

4º.- SUBVENCIONS.-

5º.- URBANISMO.-

6º.- INTERVENCIÓN.-

ROGOS E PREGUNTAS.-

1º.- ACTAS ANTERIORES.-

Non hai asuntos que tratar.

2º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

2.1.- Escrito de d^o Marcos Rodríguez Fernández, Rexistro de Entrada n^o 3352, de data 25 de xuño de 2008, que actúa en representación da Comunidade de Propietarios do Edificio A. Pérez, ubicado na rúa Emilio alonso paz, n^o 14 (Silleda), solicitando pintado do bordillo da acera da entrada o garaxe do edificio, para evitar o estacionamento de vehículos e o bloqueo de acceso o mesmo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acodar dar traslado deste escrito a

Policía Local para que procedan a informar esta solicitude.

2.2.- Escrito de Dº Rafael Ruiz González, Rexistro de Entrada nº 3344, de data 25 de xuño de 2008, solicitando o arranxo da calzada así como rampla de acceso á acera, fronte o nº 12 da rúa Iryda de Bandeira (Silleda), xa que debido a que é inválido e para seu traslado precisa dunha cadeira de rodas, atópase con moitas dificultades para acceder a súa vivenda.

A Xunta de Goberno Local, por uanimidade, acorda dar traslado deste escrito o Concelleiro de Obras.

2.3.- Escrito de Espina&Delfín S.L., Rexistro de Entrada nº 3258, de data 20 de xuño de 2008, remitindo análise de control da auga correspondente a billa consumidor na rúa da feira, nº 3 de Bandeira e Avda. do Parque, nº 32 de Silleda, sendo realizadas as tomas en data 26.05.08, e con resultado de auga apta para o consumo con non conformidade.

A Xunta de Goberno Local queda enterada, e acorda remitir este escrito ó departamento de fontanería.

2.4.- Escrito de Espina&Delfín S.L., Rexistro de Entrada nº 3259, de data 20 de xuño de 2008, remitindo análise de control da auga correspondente á saída de depósito do Marco, sendo realizada a toma en data 09.06.08, e con resultado de auga apta para o consumo con non conformidade.

A Xunta de Goberno Local queda enterada, e acorda remitir este escrito ó departamento de fontanería.

2.5.- Dase conta do escrito do Xulgado Contencioso Nº 3 de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 3303, de data 24 de xuño de 2008, remitindo certificación da sentenza de data 16.05.08, correspondente ó procedemento ordinario 309/2006, na que se declara a inadmisibilidade do recurso contencioso-administrativo interposto polo procurador Sr. López en nome e representación de Dº Héctor Caldarelli Carballo e Dº Joaquín José Seijas Carballo, contra o Concello de Silleda e a Deputación Provincial de Pontevedra contra a vía de feito consistente na ocupación de parte dun terreo de propiedade privada con ocasión da execución da obra pública de prolongación da rúa Outeiro en Silleda.

A Xunta de Goberno Local queda enterada desta sentenza.

2.6.- Dase conta do escrito do Xulgado Contencioso Nº 3 de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 3304, de data 24 de xuño de 2008, remitindo sentenza nº 184/2008 dictada no recurso contencioso-administrativo correspondente o procedemento abreviado 43/08, pola que se estima recurso contencioso-administrativo interposto pola representación do Fernando González Cacheda fronte o Concello de Silleda, contra desestimación municipal presunta da súa reclamación sobre responsabilidade patrimonial formulada por escrito con entrada no rexistro da demandada en data 06 de outubro de 2006, coa conseguinte condena a tal Administración a abonar a cantidade de 4.424,32 €, mais os intereses oportunos dende o 06.10.07, data na que debeu de resolverse un eventual expediente de restitución da legalidade urbanística a que viña obrigado o Concello.

A Xunta de Goberno Local queda enterada desta sentenza.

3º.- CONTRATACIÓN.-

3.1.- Dase conta do escrito remitido polo Servizo de Formación e Colocación - Delegación Provincial da Consellería de Traballo, Rexistro de Entrada nº 3113, de data 16 de xuño de 2008, remitindo resolución de data 05 de xuño de 2008, na que se sinala que vista a solicitude de cursos de formación ocupacional presentada por esta entidade o abeiro da Orde do 3 de decembro de 2007, publicada no DOG do 10 de decembro de 2007, pola que se establece a convocatoria pública para a programación de cursos do Plan FIP, cofinanciados polo F.S.E. (80%), correspondente ao exercicio 2008, resólvese a concesión do curso de formación ocupacional denominado “Animador Xeroncolóxico”, Curso:2008/4847, expediente FIP 2008/000225-5, ascendendo o módulo A a cantidade de 13.650,00 □□□

Considerando que a adopción deste acordo é competencia da Xunta de Goberno Local, por delegación efectuada polo Alcaldesa, mediante Decreto de 06 de Xullo de 2007.

Esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Adxudicar a Centro de Orientación de Estudos Comerciales S.L. (COESCO), con C.I.F. nº B-36043073 e domicilio social na rúa San Pelayo, nº 21 de A Estrada, o contrato do servizo para impartir o curso do Plan FIP denominado “Animador Xeroncolóxico”.

Segundo.- Establecer como precio do contrato a cantidade de 13.650 □□□, IVA incluído.

Terceiro.- Notificar este acordo á Intervención Municipal e ó adxudicatario, o cal deberá presentar un aval que ascenderá o 5% do importe da adxudicación.

Cuarto.- Facultar á Sra. Alcaldesa, na amplitude precisa, para a sinatura do contrato en documento administrativo, que poderá ser elevado a escritura pública se así o solicita o adxudicatario, sendo o seu custo os gastos derivados do seu otorgamento

3.2.- Realización de análise de auga.

Vista a necesidade deste Concello de realización de análise de auga, co obxectivo de contrastalos cos realizados pola empresa concesionaria do Servizo de Augas.

Visto que con data 25 de xuño de 2008, emitiuse informe de Intervención, no que se acreditaba a existencia de crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que comporta a celebración do contrato; e emitiuse informe sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente, aos efectos de determinar o órgano competente para contratar.

Visto que con data 25 de xuño de 2008, emitiuse Informe de Secretaría sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda:

1º.- Levar a cabo a contratación de realización do servizo de “Realización de Análisis de Auga”, coa empresa Laboratorio de Análisis Clínicos F. Lema y J. Bandín, S.L., con domicilio na rúa Paraguay, nº 18 semisótano (Vigo), realizándose 10 mostras mensuais, durante un período de 6 mese, por un importe total, incluído IVA de 1.657,20 □□□.

2º.- Aprobar o gasto correspondente á prestación, con cargo a partida 441.227.06 do vixente Orzamento.

3.3.- Contrato de Servizos para impartir as accións de Formación Profesional Ocupacional do curso denominado “INSTALADOR DE SISTEMAS DE ENERXÍA SOLAR” (Plan F.I.P.)

Dada conta do expediente de contratación para impartir as accións de Formación Profesional Ocupacional do curso denominado “Instalador de sistemas de enerxía solar” (módulo A), pertencentes o Plan FIP ‘ 08, por procedemento negociado sin publicidade por razón da contía.

Visto que con por acordo da Xunta de Goberno Local de data 17 de xuño de 2.008 aprobouse o inicio do expediente para a contratación referenciada, motivando a necesidade e idoneidade da contratación proposta.

Visto que por razón da contía do servizo, considérase como procedemento máis axeitado o procedemento negociado sin publicidade.

Visto que se incorporaron ó expediente os seguintes documentos: :

- o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares
- o Informe de Intervención, de data 25 de xuño de 2.008
- o Informe de Secretaría, de data 24 de xuño de 2.008

Considerando que a adopción deste acordo é competencia da Xunta de Goberno Local, en virtude da delegación efectuada mediante acordo plenario de 06 de xullo de 2.007.

En virtude de todo o exposto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, ACORDA:

Primero.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexirá o contrato.

Segundo.- Aproba-lo gasto correspondente por importe de 19.305,00 □□□ (IVE incluído), con cargo á partida 322.226.08 do Grupo de Función 3, Capítulo 2.

Terceiro.- Dispoñer a apertura do procedemento negociado sen publicidade de adxudicación, solicitando ofertas alomenos a tres empresas capacitadas para á realización do obxecto do contrato.

Cuarto - Cumplir os demais trámites preceptivos de impulso ata a formalización do oportuno

3.4.- Visto que con data 16 de xuño de 2.008 polo Concelleiro de MedioRural detectouse a necesidade de realizar a contratación do servizo de traballos de desbroce de pistas e camiños do Concello de Silleda, ó obxecto de dar cumprimento as obrigas asumidas polo Concello ó abeiro do convenio de colaboración firmado coa Consellería de Medio Rural, para a participación na prevención de incendios forestais mediante a realización de tratamentos preventivos en vías, camiños e outras superficies forestais de titularidade municipal.

Visto que dada a característica do servizo considerouse como procedemento máis adecuado o procedemento negociado sen publicidade.

Visto que con data 26 de xuño de 2.008 emitíuse informe de Intervención sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente.

Visto que con data 20 de xuño de 2.008 emitíuse Informe por Secretaría sobre a Lexislación aplicable, o procedemento a seguir e o órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato.

Visto que con data 17 de xuño de 2.008 por acordo da xunta de goberno local aprobouse iniciar o expediente para a contratación referenciada motivando a necesidade e idoneidade da contratación proposta.

Visto que foron incorporados ao expediente o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que han de rexer a adxudicación do contrato.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 94 e na Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, do servizo de traballos de desbroce de pistas e camiños do Concello de Silleda

SEGUNDO. Autorizar, en contía de 22.680,00 euros, o gasto que para este Concello representa a contratación do servizo de de traballos de desbroce de pistas e camiños do Concello de Silleda por procedemento negociado sen publicidade, con cargo á partida correspondente do estado de gastos do Orzamento Municipal deste Concello para o exercicio 2.008.

TERCEIRO. Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de

Prescricións Técnicas que rexerán o contrato .

CUARTO. Solicitar ofertas alomenos a a tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, sempre que elo sexa posible

4º.- SUBVENCIONS.-

4.1.- Dase conta do escrito remitido pola Dirección Xeral de Promoción do Emprego da Consellería de Traballo, Rexistro de Entrada nº 3300, de data 24 de xuño de 2008, remitindo resolución mediante a que se concede unha subvención, ao abeiro da Orde do 19 de decembro de 2007, para a realización do estudo/informe/campaña denominado Potenc. Econ. e Creac. Emprego, polo importe de 12.019,70 € (Nº expediente TR351E 2008/20-0)

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aceptar a subvención anteriormente mencionada, e dar traslado deste escrito o Axente de Desenrolo Local.

4.2.- Escrito do Servizo de Cooperación da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada 3175, de data 19 de xuño de 2008, comunicando que en relación o escrito deste Concello, de data 04 de xuño, polo que se solicita autorización para un novo orzamento modificado da obra nº 138-121/594 “Adquisición de Vehículos Industriais”, correspondente o PAM/06-08, anualidade 2007-2008, dito orzamento foi aceptado.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

4.3.- Dase conta do escrito remitido pola Secretaría Xeral de Emigración-Presidencia, Rexistro de Entrada nº 3273, de data 23 de xuño de 2008, remitindo resolución dictada polo secretario xeral de Emigración, de data 12 de xuño de 2008, ao abeiro da Resolución do 5 de marzo de 2008, expediente PR 932 A 2008/84, de Subvención a Concellos, Mancomunidades de Concellos e Consorcios Locais para a realización de programas destinados a favorecer os procesos de integración da poboación inmigrante, concedendo a este Concello unha subvención de 3.000 € para o programa denominado “Apoio ao acceso normalizado das mulleres inmigrantes en programas dirixidos á poboación en xeral e a programas específicos para mulleres”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aceptar a subvención anteriormente mencionada, e dar traslado deste escrito a Concelleira de Servizos Sociais.

5º.- URBANISMO.-

5.1.- Visto o escrito presentado por Dº JOSÉ CIBEIRA BLANCO, Rexistro de Entrada nº 3125, de data 16 de xuño de 2008, solicitando ocupación de 20 m2 de vía pública, fronte o local denominado “Café Bar Parque”, situado na Avda. do Parque, nº 7 (Silleda).

Vistos os informes da Policía Local e Oficina Técnica.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda prestar aprobación a solicitude presentada por D^o JOSÉ CIBEIRA BLANCO para ocupación de 20 m2 de vía pública, fronte o local denominado “Café Bar Parque”, situado na Avda. do Parque, nº 7 (Silleda), así como aprobación das taxas correspondentes.

5.2.- Visto o escrito presentado por D^a EVA MARIA GARCÍA CAPITÁN, Rexistro de Entrada nº 3126, de data 16 de xuño de 2008, solicitando ocupación de 24 m2 de vía pública, fronte o local denominado “O Trasnó”, situado na rúa José Antonio, nº 52 (Silleda).

Vistos os informes da Policía Local e Oficina Técnica.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda prestar aprobación a solicitude presentada por D^a EVA MARIA GARCÍA CAPITÁN para ocupación de 16 m2 de vía pública, fronte o local denominado “O Trasnó”, situado na rúa José Antonio, nº 52 (Silleda), así como aprobación das taxas correspondentes.

5.3.- Visto o escrito presentado por D^a ANA MARIA BUGALLO PARDO, Rexistro de Entrada nº 3135, de data 17 de xuño de 2008, solicitando ocupación de 8 m2 de vía pública, fronte o local denominado “Bar González”, situado na rúa San Isidro (Silleda).

Vistos os informes da Policía Local e Oficina Técnica.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda prestar aprobación a solicitude presentada por D^a ANA MARIA BUGALLO PARDO para ocupación de 8 m2 de vía pública, fronte o local denominado “Bar González”, situado na rúa San Isidro (Silleda), así como aprobación das taxas correspondentes.

5.4.- Visto o escrito presentado por D^o FRANCISCO ABEL FERNÁNDEZ, Rexistro de Entrada nº 3139, de data 17 de xuño de 2008, solicitando ocupación de 12 m2 de vía pública, fronte o local denominado “Bar Betty”, situado na Avda. do Parque, nº 32 (Silleda).

Vistos os informes da Policía Local e Oficina Técnica.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda prestar aprobación a solicitude presentada por D^o FRANCISCO ABEL FERNÁNDEZ para ocupación de 12 m2 de vía pública, fronte o local denominado “Bar Betty”, situado na Avda. do Parque, nº 32 (Silleda), así como aprobación das taxas correspondentes.

5.5.- Visto o escrito presentado por D^a MARIA ROSA DOMÍNGUEZ COLMENERO, Rexistro de Entrada nº 3160, de data 18 de xuño de 2008, solicitando ocupación de 8 m2 de vía pública, fronte o local denominado “Salón de Té Rosa”, situado na rúa Venezuela, nº 1 baixo (Silleda).

Vistos os informes da Policía Local e Oficina Técnica.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda prestar aprobación a solicitude presentada por D^a MARIA ROSA DOMÍNGUEZ COLMENERO para ocupación de 8 m² de vía pública, fronte o local denominado “Salón de Té Rosa”, situado na rúa Venezuela, n^o 1 baixo (Silleda), así como aprobación das taxas correspondentes.

5.6.- Visto o escrito presentado por D^o CARLOS COCHÓN NÚÑEZ en representación de ANTONIO Y OTROS S.L., Rexistro de Entrada n^o 3228, de data 19 de xuño de 2008, solicitando ocupación de 12 m² de vía pública, fronte o local denominado “2 Calles”, situado na rúa Cartaxena, n^o 11 (Silleda).

Vistos os informes da Policía Local e Oficina Técnica.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda prestar aprobación a solicitude presentada por D^o CARLOS COCHÓN NÚÑEZ en representación de ANTONIO Y OTROS S.L. para ocupación de 12 m² de vía pública, fronte o local denominado “2 Calles”, situado na rúa Cartaxena, n^o 11 (Silleda), así como aprobación das taxas correspondentes.

5.7.- Visto o escrito presentado por D^a ISABEL PEDREIRA GONZÁLEZ, Rexistro de Entrada n^o 3234, de data 20 de xuño de 2008, solicitando ocupación de 8 m² de vía pública, fronte o local denominado “Papos”, situado na rúa Cartaxena, n^o 12 (Silleda).

Vistos os informes da Policía Local e Oficina Técnica.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda prestar aprobación a solicitude presentada por D^a ISABEL PEDREIRA GONZÁLEZ para ocupación de 8 m² de vía pública, fronte o local denominado “Papos”, situado na rúa Cartaxena, n^o 12 (Silleda), así como aprobación das taxas correspondentes.

5.8.- Visto o escrito presentado por D^a MERCEDES M^a NUNES BARREIRO, Rexistro de Entrada n^o 3263, de data 20 de xuño de 2008, solicitando ocupación de 8 m² de vía pública, fronte o local denominado “Noite e Día”, situado na rúa Cartaxena, n^o 10 (Silleda).

Vistos os informes da Policía Local e Oficina Técnica.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda prestar aprobación a solicitude presentada por D^a MERCEDES M^a NUNES BARREIRO para ocupación de 8 m² de vía pública, fronte o local denominado “Noite e Día”, situado na rúa Cartaxena, n^o 10 (Silleda), así como aprobación das taxas correspondentes.

5.9.- Visto o acordo desta Xunta de Goberno Local, correspondente a súa sesión de data 21 de abril de 2008, en relación a denuncia ambiental, expediente MA961A 2007/000857-4, contra D^o Francisco Javier Salgueiro Nercellas, por non xustificar posuir licenza municipal para a actividade sita no lugar de Castro, n^o 2, parroquia de Breixa (Silleda).

A Xunta de Goberno Local acorda que por parte da Policía Local se informe sobre a

actividade actual ubicada no lugar de Castro, nº 2, parroquia de Breixa (Silleda).

5.10.- Actividades Clasificadas

5.10.1.- Licencia Nº 71/06. Visto o expediente instruído a instancia de CÓMODO, S.C., solicitando Licencia de actividade para acondicionamento e apertura de local para dedicalo a zapatería, a situar na rúa Morón, nº 1 baixo (Silleda)

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e da Corporación Municipal

RESULTANDO: Que elevado á Comisión Provincial de Medio Ambiente, este Organismo, con data 10 de maio de 2006, (Rexistro de Entrada nº 1995, de data 12 de maio de 2006) informa en sentido favorable, calificando dita actividade como Molesta SCD e dende o punto de vista ambiental, condiciónase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) O cumprimento das Medidas Correctoras propostas en planos e memoria.
- b) A que o emprazamento sexa o sinalado no proxecto.
- c) Ó cumprimento das distancias mínimas segundo proxecto.

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

Esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a concesión da **licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade**, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Comisión Provincial de Medio Ambiente, non podendo comezar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos termos desta licencia; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal.

5.11.- Modificación puntual do Plan Parcial do Parque Empresarial Área 33 de Silleda.

Visto que por acordo da Xunta de Goberno Local, de data 15 de febreiro de 2.008, acordouse aprobar provisionalmente a modificación puntual do Plan Parcial do parque empresarial Area 33 de Silleda, e someteuse, co expediente completo debidamente dilixenciado, ó conselleiro competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio para o seu informe preceptivo, en cumprimento do disposto no artigo 86.1.d) da Lei 9/2002,

do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Visto o informe desfavorable emitido en data 6 de maio de 2.008 pola Conselleira de Política Territorial Obras Públicas e Transportes, recibido neste Concello en data 12 de maio de 2.008, con número de rexistro 2.321.

Visto que, con data 23 de maio de 2.008 Xestur Pontevedra presenta neste Concello proxecto titulado “Modificación Puntual do Plan Parcial do Parque Empresarial de Silleda. Pontevedra (Texto Refundido) de data maio de 2.008, suscrito polo enxeñeiro de camiños, canais e portos D. José Plácido Gosende Tuñas, en resposta ó Informe de 6 de maio da Dirección Xeral de Urbanismo.

Visto o informe favorable do Arquitecto Asesor Técnico D. José Luis Rodríguez González, de data 26 de xuño de 2008.

Visto asimesmo o informe de secretaría de data 26 de xuño de 2.008.

Visto que e que ass modificacións introducidas non supoñen un cambio substancial do documento de modificación puntual do Plan Parcial do parque empresarial Area 33 de Silleda inicialmente aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local, de data 17 de agosto de 2.008 e que polo tanto, segundo o disposto no artigo 86.1 e) da Lei 9/2002 de 30 de Decembro de Ordenación Urbanística e protección do medio rural de Galicia non será necesario un novo período de información pública.

A Xunta de Goberno Local, en cumprimento das disposicións citadas, por unanimidade, acorda:

Aprobar provisionalmente a “Modificación Puntual do Plan Parcial do Parque Empresarial de Silleda. Pontevedra (Texto Refundido) de data maio de 2.008, e sometelo, co expediente completo debidamente dilixenciado, ó Conselleiro competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio para o seu informe preceptivo.

5.12.- Visto que mediante resolución de alcaldía, de data 19 de maio de 2.008 requeriuse a diversas empresas ubicadas no termo municipal para que procederan a legalizar a ocupación de vía pública que estaban levando a cabo, mediante a solicitude da preceptiva licencia para ocupación de vía pública, en cumprimento disposto no artigo 77.1 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, así como nos artigos 84 e seguintes da citada Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Requerir á Policía Local para que proceda á comprobar ó cumprimento da orde e emita informe ó respecto.

5.13.- Visto que mediante resolución de alcaldía, de data 3 de xuño de 2.008 requeriuse a diversas empresas ubicadas no termo municipal para que procederan , á retirada

de materiais da vía pública, por tratarse dun aproveitamento especial sobre o dominio público carente de título habilitante, sendo tal ocupación contraria o disposto no artigo 77.1 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, así como nos artigos 84 e seguintes da citada Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Requerir á Policía Local para que proceda á comprobar o cumprimento da orde de retirada de materiais emitida ás empresas Instalvepu S.L, Sumicons González S.L. e D. Luis Segade Quintillán e emita informe ó respecto.

6º.- INTERVENCIÓN.-

6.1- Visto o informe emitido pola Interventora do Concello, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á relación de facturas nº 00034-08, de data 26 de xuño de 2008, ascendendo a mesma a un importe total de 39.306,15 □□□ (Relación en Anexo adxunto).

ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo intervencións

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as catorce horas e vinte minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretaria, dou fe.

A ALCALDESA,

A SECRETARIA,